

Boletín de adhesión á promoción “Menores Ahorro 30 €”

CONDICIÓNS DA PROMOCIÓN

A entidade mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A., con domicilio en Bilbao, Plaza de San Nicolás, n.º 4 e provista do CIF n.º A48265169 (de agora en diante, o “BBVA”) organiza a presente promoción denominada “Menores Ahorro 30€” (de agora en diante, a “Promoción”), que se rexerá polas seguintes bases legais (de agora en diante, as “Bases Legais”).

1. En que consiste esta promoción?

A Promoción ten por obxecto incentivar a alta de novos clientes cuxa idade estea comprendida entre os 0 e os 17 anos (de agora en diante, o “Cliente BBVA”) a través de www.bbva.es, m.bbva.es ou nas aplicacións móbiles do BBVA (para sistemas operativos Android e iOS) e, no seu caso, tamén cando estea dispoñible nas oficinas de BBVA. Así como os 3 primeiros ingresos mensuais (importe igual/superior a 5 € non acumulativos e en diferentes meses) que se realicen na súa Conta Online BBVA. Esta alta de novos clientes sempre será realizada polo representante legal do menor de idade debidamente identificado.

Se cumpre os requisitos da Promoción, o Cliente BBVA obterá unha bonificación total mínima de 5 € netos e máxima de 30 € netos.

O Cliente BBVA contará cun período de 6 meses naturais, que comezará no mes da alta, para recibir os 3 ingresos mensuais (un por mes) e poder beneficiarse da bonificación. Despois da finalización deste período de 6 meses, o Cliente BBVA non será compensado polos posibles ingresos recibidos. Exemplos:

- Un Cliente BBVA que reciba un ingreso por un importe superior a 5 € no primeiro, terceiro e sexto mes desde a alta terá dereito á bonificación correspondente para cada un deses tres meses.
- Un Cliente BBVA que reciba un ingreso por un importe superior a 5 € no terceiro sexto e oitavo mes desde a alta só terá dereito a recibir a bonificación correspondente aos ingresos do terceiro e do sexto mes.
- Un Cliente BBVA que reciba un ingreso por un importe superior a 5 € no primeiro mes e que despois non reciba ningún ingreso nos vindeiros 5 meses desde a alta terá dereito á bonificación correspondente ao ingreso do primeiro mes.
- Un Cliente BBVA que reciba un ingreso por un importe superior a 5 € no primeiro, segundo, terceiro e cuarto mes desde a alta terá dereito á bonificación correspondente só ao primeiro, segundo e terceiro mes.

Ao tratarse de meses naturais, se unha alta é realizada, por exemplo, o día 25 de setembro de 2025, o mes 1 corresponderase co mes de setembro e o mes 2 dará comezo o día 1 de outubro de 2025.

2. A quen está dirixida a promoción?

A Promoción está destinada a persoas físicas cuxa idade estea comprendida entre os 0 e os 17 anos na data de inicio da Promoción e cuxo representante legal completase a alta no BBVA polas vías explicadas no apartado titulado “En que consiste esta Promoción?”.

Esta Promoción pode ser incompatible con outras promocións cuxas condicións estean centradas na bonificación de ingresos na conta dun menor de idade.

3. Que tes que facer para adherite á promoción?

Asinar este boletín de adhesión á promoción antes do 6 de abril de 2026

Nesta data finaliza a promoción. (Período de Vixencia).

4. Quen está excluído de participar nesta promoción?

O Cliente BBVA queda excluído da participación na Promoción se durante o Período de Vixencia e ata a entrega da bonificación é debedor fronte ao BBVA por calquera cantidade vencida e esixible. Neste suposto, terá que regularizar a través do seu representante legal a situación antes da recepción da bonificación. Se unha vez chegada a data para o ingreso da bonificación non se regularizou a débeda, perderá o dereito a recibila e non lle será ingresada.

Esta promoción é exclusiva do BBVA e non é acumulable a outras ofertas ou descontos en curso tanto do BBVA como dos servizos de subscripción detallados no apartado 1.

5. Que pasos debes seguir para poderes participar na promoción?

Para poder participar na Promoción débense seguir os seguintes pasos:

O representante legal do Cliente BBVA:

- Ser cliente do BBVA.
- Indicar e validar o código promocional "AHORRO30" durante o proceso de alta do novo Cliente BBVA nas canles que o banco ten habilitadas para ese fin. Este código promocional estará dispoñible nos apartados da zona pública do web e na app do BBVA onde se describe a Promoción.
- Aceptar e asinar as presentes Bases Legais que regulan a Promoción para o Cliente BBVA que representa legalmente.

O Cliente BBVA:

- Que non causase baixa como cliente BBVA durante os 6 meses anteriores ao inicio do Período de Vixencia da Promoción.
- Non ser cliente do BBVA.
- Ter unha idade de entre 0 e 17 anos no momento da alta como cliente.
- Recibir na súa Conta Online BBVA un ingreso mensual (transferencia, bizum, ingresonun caixeiro automático ou coa axuda dun xestor comercial nunha oficina do BBVA), por un importe igual/superior a 5 €, polo menos 1 mes e como máximo 3 meses durante o período de 6 meses contados desde a data de alta na Promoción.

6. Que bonificación recibirás e cando?

Cando o Cliente BBVA e o seu representante legal cumplan coas condicións de participación indicadas no apartado 1, "En que consiste a promoción?", e realizasen os pasos indicados no apartado anterior, o Cliente BBVA recibirá a seguinte bonificación:

- Se o ingreso mensual está comprendido entre 5 € e 10 € (ambos incluídos) nun só ingreso, a bonificación neta que recibirá será igual ao importe do ingreso.
- Se o ingreso mensual é superior a 10 €, a bonificación neta que recibirá será igual a 10 € netos.
- Se o ingreso é inferior a 5 € nun só pagamento, non terá dereito a recibir ningunha bonificación.

O Cliente BBVA recibirá a bonificación un máximo de tres veces, unha por cada mes que faga un ingreso superior a 5 € durante os 6 primeiros meses naturais desde a alta.

O ingreso da bonificación estará supeditado ao cumprimento das condicións previstas nas Bases legais. O BBVA ingresará a bonificación na Conta Online BBVA do Cliente BBVA tras verificar as condicións establecidas nas Bases Legais, para cada un dos 3 meses bonificables, o último día hábil do mes que dá dereito á percepción da bonificación.

A bonificación non será susceptible de cambio, alteración ou compensación. Se a bonificación se rexeita, non se ofrecerá ningún outro premio alternativo.

No suposto de non existiren participantes, o BBVA poderá declarar deserta a Promoción.

7. Cando se realiza a bonificación?

O ingreso da bonificación realizarase, como moi tarde, aos seis meses contados desde a data en que se cumprisen as condicións recollidas nestas Bases Legais, e realizarase mediante o propio ingreso da bonificación na Conta Online BBVA do Cliente BBVA, co concepto "Bonificación Promoción comercial".

8. Que supón a aceptación das Bases legais?

A aceptación das presentes Bases legais supón a plena conformidade con elas, así como a aceptación do criterio do BBVA na resolución de calquera conflito que puidese xerar a interpretación destas. Como participante, deberás seguir as instrucións que puidese cursar, se é o caso, o BBVA.

O BBVA resérvase o dereito de descualificarte, segundo o seu criterio exclusivo, se manipulas, intentas manipular a Promoción ou violas calquera dos termos e condicións das presentes Bases legais.

O BBVA poderá adoptar as decisións necesarias para a resolución das controversias e conflitos que xurdan no desenvolvemento da Promoción, sempre que estas non te prexudiquen indebidamente e resulten equitativas.

No suposto de non cumprires as condicións de participación anteriormente aplicables, ou de non cumprires con todos os requisitos establecidos nas Bases Legais, non terás dereito a recibir a bonificación nos termos establecidos nestas.

9. Que ocorre en caso de incumprir as condicións da promoción?

No suposto de que o Cliente BBVA incumpra calquera das condicións establecidas nestas Bases Legais, incluídas as obrigas que permanezan viventes tras a entrega da bonificación nos termos previstos nestas, canceláraselle a Promoción e, no caso de que xa recibise a bonificación, terá a obriga de devolvela.

O BBVA realizará un cargo polo importe da bonificación entregada na Conta Online BBVA en que se realizase o ingreso da bonificación en concepto de penalización e aplicarase con independencia do saldo que manteña na súa conta.

No caso de non haber saldo suficiente, o cargo pola penalización xerará un descuberto. Se o Cliente BBVA incumpre as Bases Legais da Promoción, esta quedará automaticamente cancelada, aínda que con posterioridade cumpra as condicións.

10. Que acontece en caso de cometeres ou de existir fraude?

En caso de que o BBVA, ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente á Promoción, detecte calquera anomalía ou sospeite que estás a impedir o normal desenvolvemento desta, poderá de forma unilateral eliminar a túa intervención na Promoción. Con esta finalidade, o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar unha posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr a bonificación de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar o teu rexistro se evidencia ou sospeita unha actuación irregular no sentido descrito.

11. Cal é o período de reclamación?

O período de reclamación da Promoción finaliza transcorridos 12 meses desde a data de finalización do "Período de vixencia".

12. Que tratamento se dará aos teus datos de carácter persoal?

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. con domicilio social na Plaza de San Nicolás, 4, 48005, Bilbao e enderezo electrónico consultasgenerales@bbva.com é o responsable do tratamento dos datos persoais que nos facilites con motivo da túa participación nesta Promoción.

O BBVA necesita tratar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, idade, NIF/NIE/pasaporte, número de Conta no BBVA, da Tarxeta, coa finalidade de levar a cabo a organización, control e seguimento da Promoción e para a entrega da bonificación ou premio, en caso de cumprir as condicións requiridas.

A base de lexitimación é a execución do presente contrato.

Conservaremos os teus datos persoais para este tratamento concreto durante a vixencia da relación contractual. Unha vez finalizado o devandito prazo, manteremos bloqueados aqueles datos persoais que sexan necesarios durante os prazos de prescrición legal para os exclusivos efectos de reclamacións ou accións legais. Transcorridos os prazos de prescrición legal, destruiremos os teus datos.

O BBVA non vai comunicar os datos persoais a terceiros, salvo que a lei nos obrigue ou se obteña o consentimento correspondente para facelo.

Poderás exercitar os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, mediante un escrito a través de derechosprotecciondatos@bbva.com. A supresión dos datos necesarios para a xestión da Promoción suporá a baixa automática da Promoción. Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, podes contactar co delegado de protección de datos do BBVA accedendo á páxina web bbva.es, apartado Datos persoais/Contacto DPO ou a través da seguinte ligazón <https://www.bbva.es/general/tratamiento-datos.html#contacto-dpo>. En calquera caso, poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

13. Que fiscalidade ten a bonificación?

O aboamento da bonificación constitúe un rendemento de capital mobiliario monetario suxeito a retención aos tipos vixentes no momento de realizalo, que actualmente para residentes fiscais en territorio español é do 19 %.

Para os suxeitos pasivos do imposto da renda de non residentes (IRNR) sen establecemento permanente (EP), o aboamento da bonificación será un rendemento non suxeito a retención na medida que quede acreditada a non residencia en España mediante a declaración de residencia fiscal (DRF), que ten vixencia indefinida en tanto non se produza ningunha alteración das circunstancias declaradas. Se non se acredita a non residencia, o aboamento da bonificación quedará suxeito a retención (actualmente ao tipo do 19 %)

O BBVA, ademais do aboamento do importe bruto da bonificación, farache un cargo na Conta BBVA correspondente á retención fiscal, ingresará ese importe no Tesouro por conta túa e porá a disposición, de cara á túa declaración da renda, a información fiscal correspondente. Imputarásese tanto o rendemento coma a retención, independentemente do resto de titulares que houber na túa Conta BBVA onde se domicilia. Todo o anterior, sen prexuízo das modificacións fiscais que se poidan realizar durante a validez desta promoción.

En caso de dúbida, consulta co teu asesor fiscal.

14. Cal é a responsabilidade do BBVA na Promoción?

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros ou a Internet que puidesen afectar á túa participación na Promoción.

O BBVA resérvase o dereito de anular calquera participación ou calquera participante se existen sospeitas dunha manipulación incorrecta da Promoción.

Así mesmo, o BBVA exclúe calquera responsabilidade polos danos e perdas de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puidesen deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos participantes e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e perdas de toda natureza que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario en calquera clase de comunicación realizada.

O BBVA queda facultado para resolver calquera contingencia non prevista nas presentes Bases legais.

Aceptas que o BBVA poida adiar, acurtar, prorrogar, modificar, cancelar ou suspender a Promoción debido a causas de forza maior alleas ao seu control, en cuxo caso se compromete a informarte desa circunstancia o máis axiña posible.

No caso de que calquera cláusula destas Bases legais sexa declarada nula ou non válida, seguirán en vigor as restantes cláusulas non afectadas por esta.

15. Onde podo consultar as bases legais?

Podes consultar as presentes Bases Legais en calquera momento durante o Período de Vixencia en www.bbva.es.

16. Lexislación e foro

Para calquera controversia aplicarase a lexislación española ante os xulgados e tribunais correspondentes ao domicilio do participante que aceptou estas bases.